

# CONCELLO DE XOVE

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 2 DE XULLO DE 2013.

**Asistentes:**  
**Alcalde-Presidente:**  
D. José Demetrio Salgueiro Rapa

**Vocais:**  
D<sup>a</sup> Ana María Abad López  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Dolores Meitín Guerreiro  
D<sup>a</sup> Cristina Iglesias Guerreiro

**Secretario:**  
D. Luís M<sup>a</sup> Fernández del Olmo

**Interventora:**  
D<sup>a</sup> Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dez horas do día dous de xullo de dous mil trece, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario, D. Luís María Fernández del Olmo e da Interventora D<sup>a</sup> Elena Santos Rey, procedeuse a celebrar a sesión extraordinaria correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde declarouse aberta a sesión.

### A) APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.

De seguido, polo Sr. Alcalde, pregúntase ós asistentes si teñen algunha observación que formular á acta da sesión anterior de 10 de xuño de 2013.

Non formulándose ningunha reclamación, queda aprobada por unanimidade a acta da sesión anterior.

### B) LICENCIAS DE OBRA E APERTURA.

#### B.1) SOLICITUDE DE GAS NATURAL TRANSPORTE SDG S.L DE AUTORIZACION PARA INSTALACION DE GASODUCTO DE TRANSPORTE BASICO NA MARIÑA LUCENSE.(RIBADEO-VIVEIRO).

Vista solicitude formulada por Gas Natural Transporte SDG S. con C.I.F.nº: B-63480156 con domicilio en Avda. América, 38 (28028 Madrid) de autorización para realización de obras no Termo Municipal de Xove do gasoducto de transporte básico na Mariña Lucense.(Ribadeo-Viveiro).

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que:

- *O inicio do trazado neste termo municipal a unhas 3.500 m ó Noroeste do núcleo urbán de Xove, e a unhas 500 metros ao sur da fábrica de Aluminio Alcoa-inespal. O trazado discorre en dirección Oeste pasando polo norte do núcleo urbán de Xove. Neste punto o trazado xira na dirección suroeste chegando ao límite do termo municipal de Viveiro, no monte Guilán.*
- *O proxecto de Solicitude de forma Directa de Autorización del Gasoducto De Transporte Básico Mariña Lucense (Ribadeo-Viveiro), en la provincia de Lugo foi emitido en marzo de 2.010.*
- *Con data 9 de setembro de 2010 a Dirección Xeral de política enerxética e Minas do Ministerio de Industria Turismo e Comercio, emite unha resolución, pola cal otórgase a empresa Gas Natural Transporte SDG S.L, a autorización para a construción de forma directa do proxecto de instalacións do Gasoducto de Transporte Básico Mariña Lucense.(Ribadeo-Viveiro).*
- *Na data 14/05/2013 A Dirección Xeral de Industria ditou resolución pola que se publica no Diario Oficial de Galicia o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 2 de maio de 2013, polo que se aproba definitivamente o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal denominado “Gasoducto de Transporte Básico Mariña Lucense (Ribadeo-Viveiro)”, así como das normativas contidas no Dito proxecto.*

- Con data 3 de xuño de 21013 ten entrada nas dependencias municipais deste Concello escrito de GasNatural, co rexistro de entrada 1615 as diferentes resolucións da tramitación deste expediente co obxecto de continuar con tramitación da licenza que se ten solicitado neste Concello.
- Con data 23 de febreiro de 2012, por parte deste Concello se emiteu informe favorable as instalacións, reiterándose na actualidade sobre a devandita licenza, nos mesmos extremos que os feitos no seu día.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impoñense as condicións seguintes:

*Instalacións:*

- Unha condución de gas de rango APB(80bar), construída en tubería de aceiro según especificación UNE EN 10208-2 en calidade Gr.L415, con un diámetro nominal de 16", e unha lonxitude total de 65.045m.
- Xunto ao gasoducto e na mesma zanza, instalárase en todo o percorrido do mesmo, un tritub de PE 2Ø40mm, como protección para os cables de telecomunicación e telecontrol.

*Instalacións auxiliares no Concello de Xove:*

- Pos.08 Xove, posición con unha E.R.M.(80/45bar) modelo
- G-65, liña eléctrica en media tensión e Centro de transformación a B.T.
- A lonxitude total do trazado que afecta ao termo municipal de Xove, e de 8.570,00m con un orzamento de execución material correspondente a este axuntamento de 12.024,95€.

1º. -De acordo coa situación das obras e as instalacións que se pretenden e ao amparo do artigo nº41 da LOUGA, e con independencia dos permisos e informes que procedan doutras administracións., se debeu solicitar no seu día a correspondente Autorización Autonómica; Dita autorización cuantifica no outorgamento desta licenza, as condicións das instalacións de acordo co previsto no Artigo 42 desta Lei.

3º.- Previo ao inicio das obras se deberá solicitar a presenza dos servizos técnicos municipais para efectuar a correspondentes comprobacións técnicas do adecúo das obras a licenza outorgada.

4º. -Durante a realización dos traballos, deberase estar perfectamente valado o ámbito das obras, coas sinalizacións correspondentes, así como a disposición de luces de sinalización en horas nocturnas.

5º. -As obras dispondrán do correspondente Seguro de Responsabilidade civil. O ámbito do área afectada polos traballos, de dependencia municipal, deberá quedar perfectamente limpo unha vez finalizados os mesmos.

6º. -Habida conta que ao amparo do articulado 41.1 e 41.2, solicitouse no seu día a correspondente autorización Autonómica, dita autorización, cuantificou o outorgamento desa licenza e os seus condicionantes no informe emitido pola Consellería de economía e Industria. Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas.

De acordo coa documentación obrante no expediente, infórmase favorablemente as obras que se pretenden executar, neste termo municipal.

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 944.799,90€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 18.896,00€.

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de

Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

### **C) CONTAS E FACTURAS**

Neste Apartado non houbo asuntos que tratar.

### **D) OUTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL**

#### **D.1) APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA TIRADA DE BOLOS ANUAL 2013-2014.**

Por Secretaría dáse conta das bases reguladoras da tirada de bolos anual “Concello de Xove” que se transcribe de seguido:

#### **BASES REGULADORAS DA TIRADA DE BOLOS ANUAL “CONCELLO DE XOVE”**

*O Concello de Xove, consonte ao previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e no que sexa de aplicación, os RD 887/2006, de 21 de xullo e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, e ao obxecto de incentivar a participación cidadá na Tirada de Bolos anual do Concello de Xove, establece as normas reguladoras da participación, as axudas económicas e dos premios que se outorgarán aos participantes que interveñan nos citados actos, de acordo coas seguintes*

#### **BASES**

**PRIMEIRA.- DEFINICIÓN DO OBXECTO.-** *Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios da Tirada de Bolos anual “Concello de Xove”.*

**SEGUNDA.- REQUISITOS DOS PARTICIPANTES.-** *Tanto na Liga Senior Masculina coma na Feminina poderá participar calquera persoa, sen límite de idade. Na Liga Sub 18, que terá carácter mixto, poderán participar tanto rapaces coma rapazas menores de 18 anos. Caso de cumprir os 18 anos durante o campionato, deberá seguir na Liga Sub 18 ata a finalización do mesmo.*

*Non obstante, os rapaces ou rapazas menores de 18 anos que opten por participar en calquera das dúas ligas senior, deberán declinar a súa participación na Liga Sub 18.*

*A documentación a presentar será exclusivamente o N.I.F. En cada tirada, polo representante municipal elaborárase un listado dos participantes na mesma e da puntuación obtida.*

**TERCEIRA.- TIRADAS E NORMAS.-** *As normas que regulan a competición serán establecidas con carácter previo ao comezo da mesma e expostas para xeral coñecemento dos participantes.*

*Nas distintas convocatorias anuais se determinarán os lugares e días das tiradas así como as datas de inicio e fin do campionato.*

**CUARTA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO E TRAMITACIÓN ANTICIPADA DO GASTO.-** *A contía máxima destinada aos presentes premios é de 4.965,00 € (partida 341.481 do Estado de Gastos do Municipal).*

*Os premios serán concedidos parte no presente exercicio, correspondentes ás tiradas de outubro a decembro, por importe de 1.800,00 €, e parte no exercicio seguinte ao da convocatoria, correspondentes ás tiradas de xaneiro a marzo e premios finais, por importe de 3.165,00 €. Será polo tanto de aplicación o previsto no artigo 56 da Lei Xeral de Subvencións sobre tramitación anticipada de gasto. A concesión queda así condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión.*

**QUINTA.- PREMIOS.-** *Haberá dous tipos de premios: premios por tirada e premios finais.*

*A) Premios por tirada.*

	<b><u>LIGA SENIOR M.</u></b>	<b><u>LIGA SUB 18</u></b>	<b><u>LIGA SENIOR F.</u></b>
<i>1º Premio.....</i>	<i>25 €.....</i>	<i>15 €.....</i>	<i>15 €</i>
<i>2º Premio.....</i>	<i>20 €.....</i>	<i>10 €.....</i>	<i>10 €</i>

3º Premio.....	20 €.....	5 €.....	5 €
4º Premio.....	20 €		
5º Premio.....	20 €		
<b>Premio á mellor bolada.....</b>	<b>5 €.....</b>	<b>5 €.....</b>	<b>5 €</b>

*B) Premios finais*

	<u>LIGA SENIOR M.</u>	<u>LIGA SUB 18</u>	<u>LIGA SENIOR F.</u>
1º Premio.....	200 €.....	90 €.....	90 €
2º Premio.....	150 €.....	75 €.....	75 €
3º Premio.....	100 €.....	50 €.....	50 €
4º Premio.....	75 €.....	30 €.....	30 €
5º Premio.....	75 €.....	30 €.....	30 €
6º Premio.....	50 €		
7º Premio.....	50 €		
8º Premio.....	50 €		
9º Premio.....	50 €		
10º Premio.....	25 €		
11º Premio.....	25 €		
12º Premio.....	25 €		
<b>premio á mellor bolada.....</b>	<b>50 €.....</b>	<b>50 €.....</b>	<b>50 €</b>

*A maiores, e compatibles con calquera dos doce premios finais, tamén se concederán tres premios finais dentro da liga senior masculina para as mellores puntuacións daqueles que cando realicen a súa primeira tirada teñan cumpridos os 60 anos de idade. Estes premios serán de 75 €, 50 € e 25 €.*

*A contía dos premios anteriores é líquida. De acordo co RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, non están suxeitos a retención ningún dos anteriores premios.*

**SEXTA.- PROCEDIMIENTO DE ENTREGA DE PREMIOS.-***Unha vez rematada cada tirada, o técnico municipal de cultura, ou no seu caso, o representante municipal ao efecto, emitirá informe coa relación de gañadores segundo as normas a que se refire a Base Terceira. Os premios das tiradas serán entregados en efectivo debendo asinarse polo perceptor no momento da súa recepción. Para os premios finais, elaborárase polo técnico municipal de cultura un informe final a xeito de proposta detallando a relación de beneficiarios segundo a puntuación obtida, indicando o seu nome e dirección, D.N.I. e número de conta bancaria así como representante legal para o caso de menores de idade. Sobre dito informe-proposta resolverá a concesión dos premios a Xunta de Goberno Local.*

**SÉTIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.-***A presentación do DNI e calquera outra documentación da que sexa necesario dispor supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nestas.*

*A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/99, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente á xestión e tramitación do expediente correspondente.*

**DISPOSICIÓN FINAL.-***As presentes Bases permanecerán en vigor para os vindeiros exercicios en tanto en canto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas”.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

- 1º.- Aprobar as bases reguladoras da Tirada de Bolos Anual "Concello de Xove" anteriormente transcritas.
- 2º.- Proceder á convocatoria pública dos premios da Tirada 2013-2014.
- 3º.- Autorizar o gasto de 1.800,00 € con cargo á partida 341.481 do Estado de Gastos para vixente Orzamento Municipal para o exercicio de 2013, e que con cargo ao orzamento do

exercicio 2014 se consigne crédito suficiente por importe de 3.165,00 € para facer fronte á execución do gasto correspondente as tiradas de xaneiro a marzo e aos premios finais.

- 4º.- Ordear a súa publicación na páxina web municipal e mediante anuncios no taboleiro de anuncios do concello ou calquera outro medio.

## **D.2)AXUDAS Ó ESTUDO: APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA COMEDOR E TRANSPORTE ESCOLAR 2013-2013.**

Por Secretaría dáse conta das bases reguladoras de axudas ó estudo para comedor e transporte escolar 2012-2013, que se transcribe de seguido:

### ***“BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE AXUDAS AO ESTUDO DO CONCELLO DE XOVE, NAS MODALIDADES DE COMEDOR E TRANSPORTE***

*O Concello de Xove, consonte ao previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e no que sexa de aplicación, os RD 887/2006, de 21 de xullo e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, e ao obxecto de atender ou contribuír a satisfacer as necesidades efectivas dos estudantes segundo as súas circunstancias socioeconómicas e académicas, no exercicio das facultades conferidas pola normativa vixente e, en especial pola Lei 7/85, de 2 de abril, fórmulanse as presentes bases que regulan as bolsas e axudas ao estudo do Concello de Xove, nas modalidades de comedor e transporte.*

**PRIMEIRA.- DEFINICIÓN DO OBXECTO** *As bolsas e axudas ao estudo reguladas nas presentes bases teñen por obxecto atender a sufragar os gastos derivados do comedor para estudantes que precisen comer fóra de Xove a causa dos seus estudos así como aqueles gastos de desprazamento para os estudantes que cursen ciclos formativos existentes en San Cibrao, Viveiro ou Burela. Aos efectos das presentes Bases, enténdese por Axuda ao estudo “toda cantidade ou beneficio que o Concello de Xove conceda a quen desexe realizar ou se atope realizando estudos para a súa promoción educativa, cultural ou profesional, de acordo coas presentes bases e para os cursos académicos a que se refiran as respectivas convocatorias”*

**SEGUNDA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO** *A contía máxima destinada ás presentes axudas é de 4.500,00 € (partida 324.481 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal). Ao tratarse de un procedemento administrativo que non leva aparellado o esgotamento do crédito nun só acto de concesión senón que a súa disposición se realiza en actos sucesivos, e tal e como dispón o artigo 31.4 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no momento do esgotamento da partida orzamentaria asignada non poderán admitirse posteriores solicitudes destinadas a participar del, salvo que se recorra a un incremento do crédito orzamentario ou se recorra a unha nova convocatoria, do xeito establecido no artigo 31.2 da lei anterior.*

**TERCEIRA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN** *Sempre e cando se reúnan os requisitos establecidos para cada unha das dúas liñas de axuda existentes, exceptúase o requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas non sendo necesario polo tanto a comparación entre as mesmas, co límite do crédito orzamentario existente para a convocatoria.*

**CUARTA.- CONTÍA DAS AXUDAS** *O Concello de Xove abonará as axudas ás persoas solicitantes que reúnan os requisitos previstos nestas bases por alumno ou alumna segundo a renda per cápita familiar (englobando os ingresos de todos os membros da unidade de convivencia) que consta na declaración do Imposto Sobre a Renda das Persoas Físicas presentada no ano da solicitude. As dotacións das bolsas son as seguintes: 1.-Axudas de transporte para ciclos formativos existentes en san Cibrao, Viveiro ou Burela: 300,00 € cada unha 2.- Axudas de comedor para estudantes que precisen comer fóra de Xove a causa dos seus estudos: 240,00 € cada unha*

### **QUINTA.- RENTA PER CÁPITA FAMILIAR**

- 1.- Enténdese por renda per cápita familiar , a renda familiar dividida entre o número de membros da unidade computables. A renda familiar obtérase por agregación das rendas de cada un dos membros computables que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.
- 2.- A renda per cápita familiar non poderá superar as contías seguintes: Para axudas de transporte para ciclos formativos: sen límite Para axudas de comedor, límite de 4.500,00 €.
- 3.- Enténdese por unidade familiar a unidade de convivencia, de acordo cos datos extraídos do Padrón municipal de habitantes.

**SEXTA.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES** *Os interesados na concesión dunha axuda deberán cumprir o requisito de empadramento e residencia efectiva do núcleo familiar no Concello de Xove*

cunha antigüidade mínima de tres anos, salvo no caso de independencia do solicitante, que se considerará tal se no momento da solicitude ten contrato de traballo en vigor, e en cuxo caso se requirirá o empadramento e residencia efectiva persoal.

#### **SÉTIMA.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS SOLICITANTES**

- a.- Impreso de solicitude
- b.- Fotocopia do D.N.I. ou N.I.F. do solicitante
- c.- Fotocopia do Libro de Familia
- d.- Certificado de empadramento e convivencia
- e.- Certificado ou acreditación de estar matriculado nos estudos para os que se solicita a axuda
- f.- Copia compulsada da declaración da renda de tódolos maiores de idade da unidade familiar. Caso de non estar obrigados a presentar tal declaración, presentaranse nóminas ou certificacións acreditativas dos ingresos obtidos durante o pasado ano, así como certificación da AEAT de non atoparse dentro do censo de declarantes. Para o caso de ingresos que non podan ser demostrados documentalmente, requirirase unha declaración xurada do solicitante.
- g.- Xustificante das contías das pensións que se perciban por parte dalgún membro da unidade familiar.
- h.- Notas acadadas no curso rematado. Os ingresos a computar serán: -Cando se presente declaración da renda; a parte xeral da renda do período -Cando non hai declaración da renda: nóminas ou certificacións de empresas -A estes ingresos engadiranse no seu caso, as pensións de carácter non asistencial (excluíndo polo tanto P.N.C., RISGA...) percibidas por calquera membro da unidade familiar. A presentación da solicitude de bolsa ou axuda implicará a autorización ó Concello de Xove para obter calquera tipo de información a través de entidades públicas ou privadas, sobre os datos do solicitante e a súa unidade familiar necesarios para determinar a obtención ou non da bolsa ou axuda.

**OITAVA.- PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES** Os interesados en acceder ás axudas deberán solicitalo no impreso normalizado facilitado polo Concello. As solicitudes atoparanse a disposición dos interesados e poderán presentarse nas dependencias de Servizos Sociais do Concello e dirixiranse ao Alcalde-Presidente do Concello de Xove.

O prazo de presentación das solicitudes será de 11 días hábiles contados a partir da data que se determine en cada convocatoria. Este prazo poderá ser prorrogado, excepcionalmente por Resolución motivada do Sr. Alcalde-Presidente, sin que en ningún caso a duración de dita prórroga poida exceder de 10 días. Asímesmo, tamén poderán presentarse ditas instancias no rexistro e oficinas, de acordo co previsto no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

#### **NOVENA.- INSTRUCCIÓN, TRAMITACIÓN DO PROCEDIMENTO.-**

- 1.- As solicitudes de axudas reguladas nas presentes Bases deberán conter toda a documentación que nas mesmas se regula. Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación esixida, requirirase á persoas solicitante para que no prazo de 5 días emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixese, se considerará desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos.
- 2.- A instrución do procedemento corresponderá ao Departamento de Servizos Sociais, órgano que ditará o Informe-Proposta de Resolución debidamente motivada, que en cada caso proceda e que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos que se debe formular a proposta de resolución.
- 3.- A resolución notificarse aos interesados de xeito ordinario e concederáselles un prazo de 10 días para a presentación de alegacións. Prescindirase deste trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos ou outras alegacións e probas que as aducidas polas persoas interesadas. Neste caso, a proposta de resolución provisional formulada terá o carácter de definitiva.
- 4.- As propostas de resolución provisionais e definitivas non crean ningún dereito a favor da persoa beneficiaria proposta, fronte á administración, mentres non se lle notificara a resolución definitiva de concesión.
- 5.- A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de axudas corresponderá á Xunta de Goberno Local.

**DÉCIMA.- MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN.-** Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e eventualmente á súa revogación e reintegro, se fose o caso.

**UNDÉCIMA.- TRAMITACIÓN E PAGO.-** O pago das bolsas e axudas realizarase mediante cheque ou transferencia bancaria, en función das dispoñibilidades da tesourería municipal, unha vez que a Xunta de Goberno Local adopte acordo aprobatorio da concesión das mesmas. Será requisito indispensable para o libramento da axuda aportar a seguinte documentación:

- Certificado acreditativo de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Xove
- Declaración doutras axudas obtidas para a mesma finalidade, no modelo normalizado
- Certificación expedida pola entidade bancaria no que conste o número de conta e titular da mesma
- Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos, obrigas e condicións necesarias para a obtención da bolsa, no modelo normalizado.

**DUODÉCIMA.- COMPATIBILIDADES** As axudas previstas nas presentes bases son compatibles entre sí.

**DÉCIMOTERCEIRA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS** Son obrigas dos beneficiarios de bolsas ou axudas ao estudo as seguintes:

- 1.- Consignar fielmente a documentación e os datos esixidos nas presentes Bases
- 2.- Destinar a axuda á finalidade para a que se concede.
- 3.- Non ocultar calquera fonte de renda, o que poderá dar lugar á denegación da bolsa ou axuda solicitada.
- 4.- De revogarse a concesión dunha axuda ó estudo, o beneficiario estará na obriga de reintegrar as cantidades recibidas
- 5.- A presentación da solicitude obriga ó solicitante á aceptación das Bases que rexen o procedemento
- 6.- Someterse ás actuacións de comprobación que, en relación coas axudas concedidas, se practiquen polo órgano concedente.

**DÉCIMOCUARTA.- VERIFICACIÓN E CONTROL** As adxudicacións de bolsas ou axudas ó estudo poderán ser revogadas total ou parcialmente, se teña aboado ou non o seu importe, no caso de descubrirse que na súa concesión concurríuse en ocultación ou falseamento de datos. Co fin de determinar os mecanismos máis adecuados de estimación real de rentas, situación económica ou situación académica real dos solicitantes aos efectos de adxudicación de bolsas ou axudas, e co mesmo fin, aos efectos de poder obter a información da situación real dos solicitantes ou beneficiarios de bolsas ou axudas, a presentación da solicitude implicará a autorización ó Concello de Xove para solicitar e obter de organismos públicos ou privados que se consideren oportunos a información necesaria para resolver a adxudicación da axuda ou bolsa. Para intensifica-lo control que evite o fraude na documentación examinada para obte-la bolsa, o Concello poderá determinar que se da ocultación a que se refire o apartado anterior por calquera medio de proba e, en particular, mediante os datos que obren en poder de calquera órgano das Administracións Públicas.

**DÉCIMOQUINTA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.-** A presentación dunha solicitude de axuda por traballadores/as ou empresarios/as supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nestas. A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/99, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente.

**DISPOSICIÓN FINAL.-** As presentes Bases permanecerán en vigor para os vindeiros exercicios en tanto en canto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas. “

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

- 1º.- Aprobar as bases reguladoras da concesión de Bolsas e Axudas ao estudo do Concello de Xove, nas modalidades de comedor e transporte anteriormente transcritas.
- 2º.- Proceder á convocatoria pública de axudas ao estudo nas modalidades de comedor e transporte para o curso 2012-2013, de acordo coas anteriores bases reguladoras.
- 3º.- Autorizar o gasto de 4.500,00 € con cargo á partida 324.481 do Estado de Gastos para o exercicio de 2013.

4º.- Ordear a súa publicación na páxina web municipal e mediante anuncios no taboleiro de anuncios do concello ou calquera outro medio.

**D.3) AXUDA DE GANDERÍA A D<sup>a</sup> JOSEFA GONZÁLEZ PARAPAR .**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D<sup>a</sup> Josefa González Parapar con D.N.I. nº 33.993.607-K, con domicilio en Loureiros, 55 (27877 Xuances) por aborto de máis de 7 meses, por importe de 60,00€.

**D.4) AXUDA DE GANDERÍA A D. DEMETRIO LÓPEZ PENA .**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. Demetrio López Pena con D.N.I. nº 35.622.844-F, con domicilio en C/Dr. Baamonde Illade, 8 (27870 Xove) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00€.

**D.5) AXUDA DE GANDERÍA A D. MARTÍN LÓPEZ VÁZQUEZ .**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. Martín López Vázquez con D.N.I. nº 34.880.792-G, con domicilio en Penasagudas, 18 (27879 Monte) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00€.

**D.6) AXUDA DE GANDERÍA A D<sup>a</sup> SARA GÓMEZ GÓMEZ.**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D<sup>a</sup> Sara Gómez Gómez con D.N.I. nº 76.563.736-W, con domicilio en Cabo, 8 (27878 Sumoas) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00€.

**D.7) AXUDA DE GANDERÍA A D<sup>a</sup> GENOVEVA ABAD BERMUDEZ .**

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D<sup>a</sup> Genoveva Abad Bermúdez con D.N.I. nº 76.563.390-R, con domicilio en Lagar, 28 (27878 Sumoas) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00€.

**D.8) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA.**

Vistos o expedientes incoado ó efecto, e a documentación achegada polo solicitante, referida ó exercicio de 2012, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da axuda concedida segundo as bases establecidas ó efecto para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

<b>Nome do perceptor</b>	<b>Contratación subvencionada</b>	<b>Períodos</b>	<b>Contía</b>
Montajes Tubacer Carretera de Alcoa, Vilar-Lago (27878 Xove)	Iván Salgueiro Maseda	Xuño-décembro 2012	2.350,31 €
	Trinidad Santos Fernández		

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.



**D.9) EXPEDIENTE PRORROGADO NO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2013 DE SUBVENCIÓN A MARIÑASEC GALICIA S.L.**

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polo empresario e para a traballadora, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó amparo do Plan de Emprego para o ano 2013 e de conformidade coas bases que o regulan como prórroga para o empresario e coa traballadora que se relaciona seguidamente:

<b>Empresa</b>	<b>Enderezo</b>	<b>Traballador/a</b>	<b>Enderezo</b>
Mariñasec Galicia S.L.	C/Tomás Mariño Pardo, Local 7 .- 27870 Xove	Antonia Alonso Meitin	Tuimil, 13 (27877 Xuances)

2º) A subvención que se concede réxese polas bases aprobadas por este Concello, en sesión de 11 de xaneiro de 20007.

3º) A notificación á empresa e á traballadora, os efectos oportunos.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as once horas, polo Sr. Alcalde-Presidente, remátase a sesión, extendéndose a acta presente, de todo o que, como Secretario, dou fé.

Vº e PR

**O ALCALDE,**

**O SECRETARIO,**

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo. Luís María Fernández del Olmo.

